

O CAMIÑO DE SANTIAGO

Un día tal como hoxe pregunteille a meus avós que sabían do camino de Santiago. Meu avó díxome que lle preguntara á miña avoa, que según él, as avoas saben máis cousas de igrexas e peregrinos. Miña avoa conta que o camino de Santiago fanno os que están ofrecidos ao Apóstolo de Santiago, estar ofrecido é unha promesa, quere dicir que ti te compromentes a oír unha misa na igrexa dese santo porque un día lle pediches algo e concedeuchos, e tes o compromiso de cumprir a túa promesa. Tamén dice a miña avoa “son as festas que tiñamos”. Eu pregunteille si non había as festas do verán como as de agora, pero explicoume que había a festa do pobo no verán, pero que non é como agora que hai festas a toda hora e por calquera cousa.

Seguimos falando do camino de Santiago eu conteille o que aprendín buscando información do camino. Díxenlle que hay moitos camiños, o **Francés** que vai dende St Jean Pied de Port y finaliza en Santiago de Compostela, é o recomendado para principiantes. O **Camino do Norte** que vai dende San Sebastián, atravesa Bilbao, Santander, Oviedo e Lugo, ata finalizar en Santiago, a **Vía da Prata** coñecido como camino Mozárabe, a máis longa que vai dende Sevilla a Compostela, o **Camiño Lebaniego**, dicen que unha das máis fermosas, que vai dende Santander ata Santo Toribio. O **Camiño de Finisterre**, este é o noso avó!, moitos dos peregrinos despois de ir a Compostela van a Finisterre, porque está consierado como “o fin do mundo”, eso significa o seu nome, iso encantoume!. Tamén hai outros camiños como o **camiño Primitivo** que vai de Oviedo a Compostela, o **camiño Portugués** que se inicia en Lisboa, o **camino Inglés**, este camino comezou cos peregrinos que viñan das islas Británicas e de Irlanda e o camiño do Inverno, que se realiza no inverno e iniciaba no río Sil.

Miña avó tamén me contou de vecinos que dicen que fixeron o camino, e doutros que o intendaron pero ó final “pediron auxilio”, é dicir remataron o camino no coche doutro familiar ou dun amigo.

Iso das rutas é algo de agora, dice a miña avoa, antes a ruta era do sitio onde vivias ata a catedral, e xa!

Queda claro que a miña avoa non é moi viaxeira, é moi do seu contorno e do seu pobo.

Despois de falar de moitos detalles do camino sobre o que lemos; como a credencial do peregrino, as formas de facer o camino, o duro do viaxe, onde durmir, come, lavar a roupa, etc. Chegamos á reflexión final, que agora xabemos máis do que sabíamos do camino de Santiago.

RUBÉN VIDAL CRUJEIRAS